

CUN GLOBO, EU PODO...

1. Cada un ten que **hinchar** o seu globo, explicamos cómo agarralo, que temos que soprar forte, e logo apretar os dedos para que non escape o aire mentres collemos máis aire, ata que o globo teña o tamaño desexado....Coidado que non estalle!!!!
2. Agora toca que cada quen, **ate** o seu globo para poder xogar.
3. **Simón Di:** por turnos, un/ha é líder e ao dicir “Simón di...” o que temos que facer, o resto debe repetilo, se a frase non comeza por Simón di, entón non hai que facelo. Por exemplo, Simón di golpeamos o globo dúas veces coa cabeza.
4. **Cantos Golpes?** Cada quen co seu globo ten que intentar dar o maior número de golpes ao globo sen que toque o chan con diferentes partes corporais (man, cóbado, hombreiro, xeonllo, cabeza, pe...) Podemos aumentar a dificultade usando só a dereita ou esquerda. Logo podemos abrir unha fase de creatividade, invitando a golpear con outras partes corporais que non usamos previamente.
5. **Series de Golpes:** agora marcamos a orde na que teñen que golpear o globo. Exemplos (puño-man-cóbado-hombreiro-cabeza) (pé-xeonllo-man-cú)... podemos facelas máis longas, e se indicamos que ten que ser a dereita ou esquerda tamén o faremos máis difícil. Ao igual que no anterior, podemos invitar a que fagan a súa propia serie.
6. **Que non Caia:** podemos xogar individual, por parellas o toda a familia en roda, temos que darlle golpes a un globo con calquer parte do corpo, a única norma e que non se pode agarrar o globo. Se o globo toca o chan perdemos. Podemos facelo máis interesante, se cada vez que golpeamos o globo imos contando....poderemos chegar a 100 golpes??
7. **Globocesto:** a unha distancia (a que nos permita a nosa casa, tenden en conta que a maior distancia maior dificultade) marcada colocamos unha caixa, e cada un/unha ten que levar o seu globo a golpes ata meter canasta na caixa. Non vale agarrar o globo en ningún momento, pero podemos golpearlo todas as veces que precisemos.
8. **Globo-Fallas:** para rematar o xogo, cada xogadora ata o globo o seu zapato, e co outro pé, intenta pisar o do resto para pinchalo. Só pode quedar un!!!